

OS RISCOS PSICOSOCIAIS EN COMERCIAL

Os Riscos Psicosociais poden definirse como a presenza de condicións laborais relacionadas coa organización, o contido e a realización do traballo, que inflúen no benestar e na saúde (física, psíquica e social) das traballadoras e traballadores, podendo causar danos psicolóxicos, sociais ou físicos.

Para detectar estes riscos realízanse unhas enquisas anónimas que van identificando varios aspectos das condicións laborais que poden afectar a saúde: tempo de traballo, autonomía, carga de traballo, demandas psicolóxicas, variedade no traballo, participación, interese polo traballador...

O problema en Comercial vén de moi lonxe sen que a empresa poña medidas para mellorar a situación, o persoal da área leva moitos anos padecendo un clima laboral moi prexudicial para a súa saúde e a táctica da empresa sempre foi a mesma: **negar a magnitude do problema e dilatar todo o que pode a intervención para abordar dito problema.**

Para non remontarnos moito tempo atrás falaremos das 3 últimas avaliacións feitas en Comercial: anos 2009, 2014 e 2017. A avaliación feita a finais de 2009 fora solicitada no ano 2007 (dous anos de retraso) e na análise dos resultados xa se indica que se manteñen problemas detectados na avaliación anterior (2004) como a excesiva carga mental.

Despois de cada avaliación repítese o mesmo perverso proceso para que o tempo vaia pasando, que se primeiro a cousa ten que pasar polo Comité Central de Seguridade e Saúde, que se logo vai ao Comité Provincial, que se despois se fan reunións para estudar os resultados das enquisas e propoñer melloras, que se facemos un seguimento... O resultado ate agora sempre foi o mesmo: **a situación non mellora e os anos seguen pasando.**

Por exemplo, despois da avaliación do 2009 créanse uns grupos de traballo que a empresa dissolve sen informar do que se ten feito, daquela seica o tema se ía resolver nos grupos Motiva. O tempo pasa e, por unhas causas ou por outras, o problema non se aborda como é debido para que se realicen os cambios necesarios para reducir o risco.

No 2013 o Comité volve pedir que se realicen enquisas e acaban facéndose en setembro do 2014. Volve o proceso de sempre: que se primeiro vai ao Comité Central, que se logo vén para o provincial, que se elaboramos propostas, que se tratamos o tema nalgunha reunión... Nesa enquisa volve saír moi mal a carga de traballo, a autonomía, a participación, as demandas psicolóxicas... non só pasa o tempo, imos a peor.

Volvemos co proceso de sempre coa creación dun grupo de traballo a mediados do 2015, pedindo reunións coa empresa que esta vai retrasando. Despois de varias xuntanzas nas que se confirma que a empresa non está pola labor de cambiar nada, o Comité interpón denuncia na Inspección de Traballo en xullo de 2016.

A Inspección convoca varias reunións e obriga a Telefónica a realizar outra avaliación de Riscos Psicosociais (setembro 2017) onde os resultados obtidos volven poñer de manifesto que a situación non mellora. As medidas que volve propoñer a empresa son basicamente as mesmas de sempre, que se demostraron de nula utilidade para reducir os riscos.

O 5 de decembro pasado celebrouse a derradeira reunión na Inspección de Traballo pola denuncia interposta polo Comité, a inspectora que leva a denuncia rematou dicindo que ten que pechar o tema levantando acta de infracción contra Telefónica e impondo unha multa económica pois os feitos veñen a demostrar que as medidas propostas pola empresa non serven e os Riscos Psicosociais seguen sendo moi elevados.

Así está a día de hoxe o tema, despois de tantos anos a situación en Comercial non mellora. É unha área onde os traballadores e traballadoras están sometidos a unhas condicións laborais que poñen en claro risco a súa saúde. Os parámetros non melloran e a situación volveuse crónica pois levamos demasiados anos con este problema.

A sanción pola denuncia do Comité pode "obrigar" á empresa a tomarse este problema un pouco máis en serio pero semella claro que non vai ser a solución. Comercial ten unha mesa de negociación propia onde se debería falar de todo isto pero pola información que nos chega sabemos que non é así.

Tampouco os Comités de Saúde forzan á empresa a tomar medidas eficaces, o servizo de Prevención (presente na reunión do 5 de decembro na Inspección) mira para outro lado, evitando asumir a súa responsabilidade neste problema tan grave.

Tampouco podemos esquecer que Telefónica renovou no 2017 a certificación de Empresa Saudable que valora as actuacións da empresa en varios campos, entre eles o psicosocial no traballo. Semella totalmente incompatible esta certificación coa situación que se padece en Comercial, que tipo de control e garantías ofrecen as auditorías e estas certificacións?

Como remate podemos destacar os puntos que quedaron neste proceso:

- A empresa non ten interese en cambiar a situación. É evidente que lle interesa manter este clima laboral tan nocivo para os traballadores e traballadoras.
- Os Comités de Saúde foron utilizados pola empresa para dilatar todo o proceso canto tempo fixo falta, retrasaron as enquisas e evitaron forzar a empresa a tomar medidas.
- O Comité de Empresa e as forzas sindicais temos que facer autocrítica e recoñecer que non fixemos todo o necesario para mudar a situación.
- As propias traballadoras e traballadores afectados tamén deberán contemplar que é necesaria máis implicación e máis mobilización se queren que a situación mude dunha vez.

O tempo dirá se hai vontade e capacidade por parte de todos e todas para abordar de xeito contundente este problema ou se a cousa irá diluíndose pola propia desaparición da área de Comercial. Non perdamos de vista que o ambiente laboral é un condicionante claro á hora de tomar a decisión de acollerse ao PSI.

A Coruña 10 de xaneiro de 2018